

ENTROIDO 2010

CHEGOU O ENTROIDO,
GARGALLADAS SEN PARAR,
ATURUXAR E CHOUTAR,
CANTAR E BAILAR
AI, AI, AI O ENTROIDO NO FRIAN.

AÍ VÉN A GRIPE A,
LAVAR AS MANS,
E PARA AUGA NON GASTAR,
EN SECO AS HAS LAVAR.
AI...

AS LINGUAS DARÁS
Ó TRINTA E TRES POR CEN,
AL TREINTA Y TRES POR CIENTO,
TO THIRTY-THREE PER CENT
AI...

DONAS E CABALEIROS,
SEÑORAS Y CABALLEROS,
LADIES AND GENTLEMEN
Ó TRINTA E TRES POR CEN.
AI...

TEMPOS PEORES EU VIN,
TEMPOS DO PIZARRÍN,
VEÑEN ANOS MELLORES,
TODOS CON ORDENADORES.

AI...

A NOSA BIBLIOTECA,
CON TANTAS ACTIVIDADES,
É TAN DIVERTIDA
COMO UNHA DISCOTECA.

AI...

MARTES DA ORALIDADE,
E VENRES DE VIVA VOZ,
DÁLLE A SEN ÓSO,
E O PAÍS ARREGLARÁS.

AI...

ALUMNADO DO FRIAN,
AS NOTAS COMO VIRÁN?
CON TANTA CRISE, DIGO EU,
NON BAIXARÁN?

AI...

AI ABEL, AI CONCHI,
AI CONCHI, AI ABEL,
PARA TRABALLAR EN INFANTIL,
OU BATA, OU MANDIL.

AI...

NESTE COLE TODOS CABEN,
AFRICANOS, RUSOS E BRASILEIROS,
MEXICANOS E ROMANOS,
CHINESES E ZULÚS.

Al...

ESTE ANO VENDEA TANTO,
E CHOVE TANTO,
QUE PARA VIR Ó COLE,
EU ME ESPANTO.

Al...

ESTAMOS NO ENTROIDO,
TEMPO DE FARTAR,
LACÓN, COCIDO E CACHEIRA.
A FAME PARA A COARESMA.

Al...

NO ENTROIDO ESTAMOS,
DÁLLE Ó DENTE SEN PARAR,
FILLOAS E ORELLAS,
ASÍ, ATA REBENTAR.

Al...

E A ANPA, E A ANPA,
A COLABORAR E TRABALLAR,
E POLO ENTROIDO,
COSER E BORDAR.

Al...

E POR ESTE ANO REMATAMOS.
CANTANDO E BAILANDO
O CURSO IMOS VIRANDO.
E CON ISTO DESPEDÍMONOS.

Al...